



Asociación Área Empresarial do  
T A M B R E

Decembro 2024

# CENTRO EMPRESARIAL DO TAMBRE

A nosa Asociación  
fai **45** anos

# Oficina Económica de Galicia

“Conseguimos solo  
e financiamento  
de maneira  
extraordinariamente  
áxil”

Ana Caamaño Vara  
Directora Xeral de Inproteins.

DESBUROCRATIZADA

Entra en [oficinaeconomicagalicia.xunta.gal](http://oficinaeconomicagalicia.xunta.gal)  
ou envía un correo a  
[oficinaeconomicagalicia@xunta.gal](mailto:oficinaeconomicagalicia@xunta.gal)



XUNTA  
DE GALICIA

# SUMARIO

## Edita

ASOCIACIÓN ÁREA EMPRESARIAL DO TAMBRE

## Redacción, fotografía, deseño e maquetación

VÍA LÁCTEA COMUNICACIÓN

## Debuxo

ISABEL MÉNDEZ NAYA

## Fotografía histórica

ARQUIVO ASOCIACIÓN

## Impresión

GRÁFICAS GARABAL

A Asociación respecta os artigos de opinión e colaboracións asinadas, que son responsabilidade exclusiva dos seus autores e non facéndose responsable do seu contido.

Depósito Legal: C-1928-2024



Asociación Área Empresarial do  
T A M B R E

Vía Edison, 1 – Polígono Industrial do Tambre  
Santiago de Compostela

Tlf. 981 55 28 50 - Fax. 981 58 48 22  
aepit@poligonotambre.com

[www.poligonotambre.com](http://www.poligonotambre.com)

Editorial do presidente da Asociación Área Empresarial do Tambre, José Fernández Alborés	<u>5</u>
O desafío da biotecnoloxía:	
• Ramón Lois, secretario da Asociación Área Empresarial do Tambre	<u>6-7</u>
• Mabel Loza, científica	<u>8-9</u>
• Juan Buela, manager de SunRock Biopharma	<u>10</u>
• Arturo Gómez, responsable de ZINPRO	<u>11</u>
• Ángel Carracedo, científico	<u>12-13</u>
Homenaxe a nove empresas que fan 25 anos como asociadas	<u>15-27</u>
Servizo de vixilancia da Área Empresarial do Tambre	<u>28-29</u>
10 anos do Programa Integrado de Emprego	<u>31-34</u>
45 anos da Asociación	<u>35-38</u>
Artigo da alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín	<u>43</u>
Artigo do presidente da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), Juan Manuel Vieites	<u>45</u>
Artigo da conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, María Jesús Lorenzana	<u>47</u>
Exposicións artísticas no Centro Empresarial do Tambre	<u>48-52</u>
Noticias da Asociación:	
• Inauguración do orbital e reclamación do orbitaliño	<u>55</u>
• Documental e vídeo-guía da Asociación	<u>56-57</u>
• 25 aniversario do Centro Empresarial do Tambre	<u>58-59</u>
• Renovación da Xunta Directiva	<u>60</u>
Listaxe de asociados	<u>62-70</u>
Debuxo de Isabel Méndez Naya	<u>71</u>




# Especialistas en instalaciones y mantenimientos

INDUSTRIAL

ELECTRICIDAD

SEGURIDAD  
Y TELECOM.



# MEN

TELEFONO  
(+34) 881 975 647

Horario atención:  
de 09:00 a 14:00h  
16:00 a 19:00h

INTERNET:  
[www.men.gal](http://www.men.gal),  
[info@men.gal](mailto:info@men.gal)

DIRECCIÓN POSTAL:  
Montaxes Eléctricas Noroeste, S.L.  
Cidade do Transporte, Rúa B, nº 76

SANTIAGO DE COMPOSTELA



## O noso compromiso con Santiago

Acreditamos 45 anos como asociación de empresarios, un longo e frutífero percorrido grazas á implicación de moita xente, á que quero agradecer a súa entrega e respaldo. Pero os balances teñen que servir para identificar e abordar novos desafíos. Sempre tiven a teima de que Santiago debe apostar pola innovación e a industrialización sen complexos, porque resulta imprescindible para a nosa independencia económica e un progreso sostido con empregos de calidade, os que fixan poboación e, por tanto, riqueza estable. É un rumbo que debemos manter para non depender de terceiros nin do sector terciario. Os datos do PIB industrial son reveladores: o 7 % na cidade e o 5,63 % na bisbarra compostelá, cando Europa recomenda chegar ao 20 % como medio de proporcionar crecemento solvente e benestar social. Vigo, Ferrolterra e mesmo Barbanza si están nesa porcentaxe.

Celebramos que a nosa querida cidade do Apóstolo e o seu camiño de peregrinación sigan batendo marcas cada ano, así como todo o negocio que xera, pero erraríamos gravemente se nos acomodamos na economía dos servizos. Oxalá que non mude a tendencia crecente das rutas xacobeas, pero Santiago e Galicia posúen extraordinarias fortalezas noutros ámbitos sobradamente coñecidos, como a automoción, o naval, o téxtil, a construción, as enerxías renovables... E, particularmente, na nosa cidade temos un gran potencial no mundo da biotecnoloxía, caracterizado pola innovación e o emprendemento. De aí a nosa aposta decidida polo proxecto do Biopolo A Sionlla, tal como recolle unha vez máis a nosa revista bienal.

En canto a infraestruturas e posto en servizo o Orbital, reivindicamos dilixencia na construción do chamado Orbitaliño, así como a realización dun novo vial que una a N-550 e Mercagalicia. Puxemos en marcha a vixilancia na Sionlla, pero cómpre unha efectiva coordinación e cooperación entre as Administracións para facer desta área un verdadeiro polígono de referencia.

A nosa tarefa é dar as mellores prestacións posibles aos nosos asociados e á área empresarial compostelá, pero a nosa misión é ser un actor principal no progreso de toda a área metropolitana. Estamos nese labor e renovamos o noso compromiso. Feliz Aninovo 2025!

**José Fernández Alborés**

Presidente da Asociación Área Empresarial do Tambre



RAMÓN LOIS, secretario da Xunta Directiva do Tambre

**“A nosa asociación pon o norte no ben común”**

**“As institucións públicas deben ser auténticos facilitadores de xeración de riqueza”**



Leva moitos anos traballando pola Asociación Empresarial do Tambre, de cuxa xunta directiva é actualmente o secretario. Ramón Lois, licenciado en Administración e Dirección de Empresas, foi directivo de Finsa.

**Está viva a Asociación, hai dinamismo? Cales son os desafíos para os vindeiros anos?**

É unha Asociación que pon o norte no ben común. Non só na xestión dos asuntos decotío, que son importantes, tamén pon o foco nos grandes retos que moitas veces nos complican a vida, e non se atopa a debida colaboración nas institucións públicas. Queremos non só consolidar o Biopolo, senón tamén o proxecto da parcela anexa á Asociación e a seguridade do seguinte quinquenio.

**No Tambre hai moitos negocios familiares, pero teñen relevo?**

O relevo xeneracional na empresa familiar é un problema de ámbito nacional. O tamaño e estrutura dos proxectos non son os mais axeitados para poder transcender a propiedade familiar. Botamos de menos ferramentas que faciliten e incentiven este relevo.

**Nun mundo tan convulso, un ameazante cambio climático e cunha orde mundial en transformación, onde Occidente e a UE perden peso e influencia, como ve a economía? Iremos cara adiante ou cara atrás?**

Está claro que estamos nun desenvolvemento cíclico e con fondos desequilibrios. Europa envellece, a UE é unha maraña burocrática que fai unha economía pouco áxil e atractiva. Menos descarbonización, que si fai falta, e máis desburocratización. O gran reto de Europa pasa por ser

quen de ter unha alta taxa de protección social, pero cunha economía dinámica e áxil. Hai que recuperar a xestión sociopolítica e que as institucións públicas sexan auténticos facilitadores de xeración de riqueza.

**“Estamos pechando o traslado de BioIncubaTech da USC ao Biopolo”**

O Biopolo Sionlla naceu en 2015 como un proxecto cobizoso para reindustrializar Santiago, creando un espazo idóneo para albergar empresas innovadoras no ámbito da biotecnoloxía. O Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas leva preto de dous anos aberto, onde se estableceron as compañías SunRock e Zinpro, UNIRISCO (sociedade de capital risco) e a sede de BIOGA (Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia).

**Logo de case dez anos, en que punto estamos?, cumpríronse os obxectivos? e cales son os retos pendentes?**

O reto está cumprido. Os obxectivos sonche como os marcos, vanse movendo para ver cumpridos os novos retos. Estamos na fase de captación de proxectos e de creación dunha estrutura que sexa quen de captar novas empresas ou proxectos. Agora estamos pechando o traslado de BioIncubaTech –unha incubadora de alta tecnoloxía biotecnolóxica– da USC, que ocuparía catro ou seis espazos. Estamos no camiño.



Desde a Asociación tiñan fe no entramado biotecnolóxico que acubilla e xorde das universidades galegas, así como no alento emprendedor de investidores locais e foráneos. Hoxe cren que esa base existe ou pode emerxer nos vindeiros anos?

No sector que nos ocupa, que por certo abrangue un amplo abano de subsectores (biosáude, bioalimentar, bioagrícola...), non só temos talento en Galicia, tamén temos unha estrutura moi potente e unha gran realidade investigadora. Por tanto, Galicia é atractiva a nivel europeo. Isto é unha realidade.

Baixando á terra, e pola experiencia con empresas que barallaron instalarse no Biopolo pero finalmente o desbotaron, cales son os obstáculos ou razóns que dificultan unha maior ocupación?

Estou seguro de que a chave está na falta dunha estrutura que poida traballar arreo na difusión dos espazos para pemes e na captación de grandes proxectos para emprazarse nas parcelas reservadas. Está claro que o que non se coñece non se valora. Para poñer en valor este proxecto do Biopolo cómpre ir porta a porta para dalo a coñecer. Este é un plan que estamos a executar con novas axudas da Deputación, que esperamos recibir axiña. Pero como adoita dicir o noso presidente: "Moitas veces viro a caluga e non vexo a ninguén".



**OMSEGUR**

FRANCISCO OTERO  
CORREDOR DE SEGUROS



Teléf. 981 597 795 • om.correduria@gmail.com



**alfa**  
consulting empresarial



economistas

Asesoría Fiscal · Laboral · Contable

[facebook.com/AlfaConsultingEmpresarial/](https://facebook.com/AlfaConsultingEmpresarial/)

Teléf. 981 593 476 • info@alface.es • alface.es

C/ San Pedro de Mezonzo 19, 1º A • 15701 Santiago de Compostela





MABEL LOZA, científica

## “Investigamos en fármacos orientados a oncoloxía e a enfermidades respiratorias, cardiovasculares ou inflamatorias”

“Este ano traballamos con 23 empresas e 27 universidades ou entidades de investigación. Somos un grupo con gran afán colaborativo”

É unha brillante científica con proxección internacional, recente Alba de Compostela –distinción que outorga o Concello de Santiago– pola “súa espectacular traxectoria na que sobresaen grandes avances para a saúde pública”, segundo afirmou a alcaldesa, Goretti Sanmartín, no acto de entrega que se celebrou o 25 de xullo pasado no Teatro Principal. Mabel Loza é catedrática de Farmacoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC), responsable da Plataforma de Cribado de Fármacos e Farmacoxenómica INNOPHARMA da USC, coordinadora do grupo de investigación BioFarma da USC, directora científica do Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) e patroa e cofundadora da Fundación Kærtor.

### Cal é o principal reto da biotecnoloxía logo da pandemia e do deseño vertixinoso das vacinas contra a COVID-19?

O desenvolvemento das vacinas contra a COVID-19 foi un exemplo claro de éxito de traballo colaborativo entre a contorna pública e privada, no que todos os axentes, incluídos os Gobernos, empurraron no mesmo sentido para dar solución urxente a un gran problema da sociedade. Polo tanto, para min, o principal reto agora é consolidar esta

forma de traballar, acadando novos avances tecnolóxicos, tanto en enfermidades como ante futuras crises.

### En qué están a traballar de forma máis concreta?

Actualmente somos 47 persoas, das que seis somos funcionarios e o resto finánciase con cargo ás actividades nas que participamos. Como calquera grupo traballamos na nosa propia investigación, pero igualmente precisamos de colaboracións públicas e privadas. Esta é a nosa principal fortaleza, porque é imprescindible para crear programas de descubrimento de fármacos, conectando a investigación básica e a clínica nos ámbitos público e privado.

### Pero a que doenzas van destinados os seus fármacos?

Somos parte dun consorcio europeo de infraestruturas de investigación, ERIC EU-OPENSREEN, no que estamos validados como socio de alta capacidade de cribado de fármacos e desenvolvemento de ensaios. Isto fai que poidamos ofrecer aos nosos colaboradores un amplo abano de posibilidades á hora de apoiar a súa investigación e que, polo tanto, traballemos en proxectos orientados a varias especialidades médicas, como a oncoloxía, enfermidades respiratorias, cardiovasculares, inflamatorias...



## “O Biopolo precisa tempo para consolidarse, pero é unha gran idea”

### Que presupostos manexan habitualmente?

Nos últimos dez anos captamos unha media de 2,5 millóns de euros. A maior parte destes recursos van a tres partidas: cadro de persoal, material de laboratorio e gasto de mantemento de equipos.

### Que opina da evolución do Biopolo, cóstalle arrancar?

Son iniciativas que precisan un tempo para asentarse e consolidarse; pero é unha gran idea e proxecto para Galicia e Santiago.

### Que papel debe xogar a USC na materia?

A USC, de gran tradición e relevancia en España, acolle a investigadores de referencia internacional. No sector dos fármacos, o que máis coñezo, creo que se acadaron importantes logros que nos permitiron posicionarnos a un moi bo nivel, competindo cos mellores centros de Europa

### E a cidade de Santiago?

Santiago posúe un bo ecosistema formado pola propia USC, o Biopolo e outras entidades cun alto nivel

científico, como o Instituto de Investigacións Sanitarias de Santiago e unha serie de empresas que creceron e se están a consolidar no sector. Tanto a cidade como a Universidade deben seguir traballando nesta liña para continuar crecendo e sendo competitivos.

### Como lle sentou ser nomeada este ano Alba de Compostela?

Foi un orgullo grande ter sido galardoada por unanimidade con este premio na miña cidade, na que desenvolvo a miña carreira profesional e a miña vida persoal.



# AGENCIA ROMERO

## Administradores de Fincas



981 591 905

[www.agenciaronero.net](http://www.agenciaronero.net)

Rep. Argentina, 43 - Ent. B. Santiago de Compostela

JUAN BUELA, *manager* de SunRock Biopharma

## “Pensamos incrementar os doutores especializados en oncoloxía e biotecnoloxía”

Máster en Administración de Empresas e licenciado en Xornalismo, Juan Buela é o responsable de SunRock Biopharma S.L. Desde a súa sede no Biopolo A Sionlla xestionan toda a súa actividade enfocada a desenvolver anticorpos terapéuticos innovadores para tratar cancros agresivos e outras doenzas con necesidades clínicas non cubertas. Nesta “ubicación estratéxica”, afirma Buela, coordinan tanto a investigación e o desenvolvemento temperán como a xestión de alianzas con grandes compañías farmacéuticas, que son as que se encargan de completar a traza clínica e a comercialización dos seus produtos.

### Teñen previsións de crecemento como centro de innovación?

Estamos moi satisfeitos coa nosa ubicación no Biopolo. É unha contorna que nos proporciona instalacións de vangarda e un ecosistema colaborativo que dá pulo á nosa investigación. En canto ao crecemento, pensamos expandir o noso equipo incrementando o número de doutores especializados en biotecnoloxía e oncoloxía. Ademais, estamos explorando novas áreas terapéuticas e tecnoloxías innovadoras para ampliar a nosa carteira de produtos.

### Que facilidades representa traballar neste ecosistema emerxente?

Estar cerca de institucións como a USC, o CHUS ou a FIDIS (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago), así como das outras universidades e hospitais de Galicia é unha vantaxe, porque facilita o acceso ao talento especializado, á cooperación áxil e á realización de ensaios clínicos. Ademais, o apoio de BioGa (Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia) permítenos estar conectados co tecido biotecnolóxico galego, fortalecendo a nosa capacidade e consolidándonos como un referente.

### Que grao de eficacia teñen os anticorpos oncolóxicos que fabrican?

Os nosos anticorpos amosaron unha eficacia significativa en modelos preclínicos, están dirixidos a tumores altamente invasivos con necesidades clínicas urxentes. Por exemplo, o noso anticorpo anti-CCR9 acreditou



unha afinidade mellorada pola súa diana e actividade antitumoral mediada polo sistema inmune, con eficacia e seguridade comprobadas en modelos *in vitro* e *in vivo* relevantes para a industria farmacéutica.

### Cite algunha compañía

A validez e utilidade dos nosos anticorpos vense reforzados por acordos de licenza con empresas como Ellipses Pharma e Debiopharm, que recoñeceron o potencial das nosas terapias e se comprometeron a levalas a fases clínicas avanzadas e de comercialización.

ARTURO GÓMEZ, responsable de ZINPRO

## “O Biopolo ofrécenos unha plataforma moi conveniente para o noso desenvolvemento”

Zinpro é líder mundial na fabricación de produtos destinados a elevar o rendemento animal a través dunha mellor nutrición. Arturo Gómez Rivas, licenciado en Veterinaria pola USC e doutor en Epidemioloxía e Saúde Pública pola Universidade de Wisconsin-Madison, é o responsable global de Investigación e Desenvolvemento na área dos ruminantes de Zinpro en Santiago.

### Cal é a tarefa que fan no Biopolo?

Somos un laboratorio de I+D+i co foco posto no estudo de solucións nutricionais para o aumento da eficiencia alimentaria, a sostibilidade ambiental e a mellora da saúde animal. Tamén hai proxectos adicionais na área do manexo ambiental e a redución de gases de efecto invernadoiro en produción animal e prevención de enfermidades.

### O centro onde se ubican ofrécelles calidade e opcións de crecemento?

O Biopolo ofrécenos unha plataforma moi conveniente para o noso desenvolvemento, con previsións de crecemento que se enfocan cara a un escalado potencial de produtos ou procesos que pasen a comercialización dentro da empresa. Neste sentido o crecemento podería ser tanto en investigación como na fase industrial.

### Que beneficios outorga traballar nunha contorna de investigación?

Podería haber sinerxías entre os diferentes grupos ou empresas que traballan na área. A USC é unha fonte de talento, pero tamén de posible colaboración investigadora.



Somos líderes mundiais na nutrición animal

### Que posición empresarial no seu sector ocupa Zinpro, con sede en Minnesota (USA) e presenza en todo el mundo?

Zinpro encabeza a nivel mundial a investigación na nutrición de minerais traza para produción animal. Tamén é líder en consultoría de apoio ao manexo e explotación nas diferentes especies de produción, porcina, avícola, ruminantes ou acuicultura. A área de animais de compañía tamén é un ámbito de desenvolvemento rápido (equinos e mascotas).



ÁNGEL CARRACEDO, científico

**“Fai falta un cambio importante no modelo educativo, apenas variou nos últimos cincuenta anos”**

**“Europa aposta pola investigación en saúde como valor social distintivo e motor de recuperación económica”**



Catedrático de Medicina Legal da Universidade de Santiago (USC) desde 1989; director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (Servizo Galego de Saúde-Xunta de Galicia) desde 1997 e director do Centro Nacional de Genotipado-ISCIII desde 2002, Ángel Carracedo, natural de Santa Comba, é un referente científico internacional.

**Ten relevo unha persoa como vostede para continuar co seu legado?**

Si. Hai excelentes profesionais que estou seguro de que, cando chegue o momento, vanme suplir con garantías e van mellorar o que se fixo ata o de agora. Quizá non haxa unha soa persoa que reúna todas as distintas áreas do grupo, pero si en cada unha delas hai xente con capacidade abonda para desenvolverlas con eficacia.

**En que traballan actualmente?**

Temos diversas áreas e proxectos. Somos un grupo moi

grande de xente do que estou moi orgulloso. Traballamos en xenética de cancro, doenzas cardiovasculares, farmacoxenómica, medicina forense (o ámbito do que partiu todo), enfermidades psiquiátricas e, sobre todo, en xenética de problemas de neurodesenvolvemento como o autismo. Tamén estamos a coordinar grandes proxectos nacionais e internacionais como o proxecto IMPaCT, que é a base do progreso da medicina personalizada en España. E aí está o proxecto Xenoma Galicia.

**Podemos dicir que é un proxecto de país?**

Así é, unha investigación de gran importancia para o noso futuro. No proxecto Xenoma Galicia pretendemos analizar o xenoma de 400.000 galegos. Trátase dunha prospección das máis ambiciosas do mundo, que vai supoñer un revulsivo importante para a investigación, o desenvolvemento dos sectores biotecnolóxicos e farmacéutico, e para a medicina.

### De forma máis xeral, que desafíos se presentan logo de ter completado o proxecto do Xenoma Humano?

A partir do Xenoma Humano, houbo outros proxectos internacionais de envergadura, algúns como o Consorcio Internacional do Xenoma do Cancro no que participou España (e nós tamén). Agora é o momento dos grandes proxectos poboacionais. O primeiro e máis importante é o UKBiobank, que tras analizar o xenoma de 500.000 británicos supuxo unha revolución no entendemento das causas das enfermidades, no descubrimento de novas dianas para fármacos, na predición do risco de doenzas comúns e, en definitiva, no avance da medicina personalizada. De aí que nós esteamos agora tan ilusionados co Xenoma Galicia.

### Como ve a evolución do Biopolo Sionlla Biotech?

Os inicios sempre son difíciles, pero creo que acabará consolidándose. No sector biotecnolóxico estamos ben situados a nivel nacional e hai un bo tecido de investigación na contorna. Seguramente fai falta estimulalo cunha acción público-privada, pero paréceme un sector polo que deberíamos apostar.

### Que pensa do investimento en ciencia na UE? Collegeremos a USA e China?

Estamos lonxe de USA efectivamente. China é outro concepto de desenvolvemento un pouco diferente, pero nalgúns áreas e polos concretos tamén o estamos. Europa está a facer unha aposta importante polo I+D+i en saúde. Un exemplo é a recomendación aos estados membros de que invistan en saúde, mediante os fondos Next Generation, porque se considera un valor social distintivo e un motor de recuperación económica. E



en España estase a desenvolver o PERTE de Saúde de Vanguarda no que desde Galicia estou liderando o eixo de medicina personalizada.

### Que opina das políticas científicas da Xunta de Galicia?

Aquí apostouse moito pola colaboración público-privada e paréceme unha boa política, porque en I+D+i temos un déficit xeral en relación ao PIB, algo que temos que ir corrixindo.

## Charlas a escolares

### Ademais de todo, ao doutor Carracedo encántalle dar charlas a escolares

Bueno, fago o que podo. Teño cada vez máis viaxes e moitas conferencias nacionais e internacionais; que, unidas ao labor asistencial, docente e investigador, me deixan pouco tempo. Pero si que me parece moi importante que a mocidade entenda o mundo empresarial e que, en xeral, entendan o mundo que nos rodea. Con sinceridade creo que fai falta un cambio importante no modelo educativo, porque adoce de moita inercia e apenas cambiou nos últimos cincuenta anos.

“Teño máis ilusión hoxe que cando empecei”

### E que quere ser de maior?

A miña aspiración pasa, como para todos, por ser o máis feliz posible. E iso pasa por loitar polas túas ilusións, e conste que eu teño hoxe aínda máis que cando empecei. Por tanto, ilusióname axudar aos demais, poder estar coa miña familia o máis posible e que en todos haxa saúde. E dispór dun pouquiño máis de tempo para poder coidarme algo, e así poder cumprir o anterior.



# ELIDENTE

LABORATORIO DENTAL



Innovación tecnológica → Técnicas de trabajo avanzadas → Materiales óptimos  
Precisión rigurosa → Experiencia y profesionalidad → Atención ágil y eficiente

[www.elidente.com](http://www.elidente.com)

Vía Edison, 29. Polígono del Tambre  
15890 Santiago de Compostela

Tel\_ **981 557 089**

Fax\_ **981 557 501**

[info@elidente.es](mailto:info@elidente.es)



## Distinción pola fidelidade e compromiso de nove empresas asociadas durante 25 anos

**Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, Comercial Martínez Sánchez, Delagro, , Grespania, Limpiezas Faro, MODIPU, Sistemas de Seguridade A-1, Sonepar e Transportes Frigoríficos Narval**

A Asociación Área Empresarial do Tambre (AAET) rendeu homenaxe a nove empresas situadas no polígono industrial que cumpriron vinte e cinco anos como asociadas en 2024: **Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), Comercial Martínez Sánchez (COMASA), Delagro, Grespania, Limpiezas Faro, MODIPU, Sistemas de Seguridade A-1, Sonepar e Transportes Frigoríficos Narval.**



O evento, que se celebrou o 11 de decembro no salón de actos do Centro Empresarial do Tambre, foi presentado polo vogal da xunta directiva da Asociación, Xavier Freire, e contou co acompañamento musical do Coro de voces graves "Crecente" de Conxo. O presidente da Asociación, José Fernández Alborés, a

alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín; a directora Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Ilgape) da Xunta de Galicia, Covadonga Toca; e o reitor da Universidade de Santiago (USC), Antonio López, entregaron aos homenaxeados un diploma acreditativo e un pequeno agasallo.

## ADOS Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos

A **Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS)** Naceu co obxecto de converterse no centro de referencia en Galicia para os distintos tipos de doazóns altruístas que se poden desenvolver no sistema público de saúde galego: sangue, órganos, tecidos, medula ósea, SCU. A ADOS creouse en xaneiro de 2016, integrando nesta estrutura ao antigo Centro de Transfusión de Galicia, e asumindo os labores de almacenaxe, procesamento, xestión e distribución dos compoñentes sanguíneos que precisa o sistema de

saúde de Galicia e que funciona ininterrompidamente ás 24 horas os 365 días do ano.

Grazas ao labor desenvolvido pola Axencia, as unidades móbiles achegan o solidario xesto da doazón de sangue a todos os recunchos de Galicia, acadando 103.525 doazóns de sangue no pasado ano 2023, das que 8.686 doazóns rexistráronse en Santiago de Compostela que se erixiu como a cidade con maior taxa de doazón de Galicia (88 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano). Así mesmo, o compostelán Polígono do Tambre é un punto de referencia inescusable desde hai 30 anos e as nosas unidades móbiles teñen visitado, desde 1994, esta superficie industrial varias veces cada ano, acadando un total de 3.462 doazóns no transcurso destas campañas.





## COMASA Comercial Martínez Sánchez

**Comercial Martínez Sánchez (COMASA)** é a empresa que está detrás de Cash Galicia, unha cadea de autoservizos maioristas con máis de corenta anos de experiencia ao servizo do profesional da hostalería e a alimentación. Dispón de 14 centros para dar cobertura a toda a comunidade. En concreto, o seu centro de Santiago, situado na rúa País Vasco 19 do parque empresarial da Sionlla, é un centro de cash & carry no que ofrece aos clientes unha ampla gama de artigos de bebidas, alimentación, droguería, bazar e menaxe ao mellor prezo. O centro compostelán serve para probar a saída de produtos innovadores para despois, se funcionan, poñelos a disposición do resto de clientes da comunidade.





# CONSTRUCCIONES LOS MENADES, S.L.

Teléfono 981 565 707 • Móvil 687 468 422 • carlosmenades@yahoo.es  
Camiño dos Vilares, 133 • 15705 SANTIAGO



## laminarcoil

FABRICACIÓN DE BOBINAS  
Y LÁMINAS DE ALUMINIO

Rúa de Estremadura N°14  
Parque Empresarial A Sionlla  
15707 – Santiago de Compostela  
☎ +34 981 108 288  
✉ info@laminarcoil.com



## DELAGRO Sociedad Cooperativa

**DELAGRO Sociedad Cooperativa A.** é unha cooperativa de segundo grao que ten a súa orixe en 1994, cando tres cooperativas de segundo grao: Cica (Asturias), Sergacán (Cantabria) e Cecoop (Galicia), deciden unificar esforzos, aproveitar sinerxias e levar a cabo una actividade comercial común.

A integración destes tres socios no ano 2005, da como resultado una cooperativa de segundo grao, cuxa actividade principal consiste na distribución de subministrós e prestación de servizos ao medio rural, que na actualidade, está participada por 19 cooperativas + 2 asociados.

O volume de negocio de DELAGRO supera os 332 millóns de euros anuais, cunha influencia directa na cornisa Cantábrica e resto de Galicia, e desenvolve a súa actividade en tres centros de traballo: un no Polígono Industrial de Almuña, en Luarca (Asturias) onde se mantén a sede social, outro no Polígono do Tambre en Santiago (Vía Pasteur 30, baixo) e un complexo multidisciplinar en As Pontes de García Rodríguez (Polígono Industrial Penapurreira).

Nestes máis de 25 anos, a entidade converteuse nun referente como central de compras mellor posicionada do noroeste de España e un paradigma de integración cooperativa, apostando, entre outras cuestións, polo desenvolvemento das tecnoloxías (coa consolidación de programas propios coma DelagrOS, RodadOS, ComunicadOS, Ferplan...) e a ampliación e diversificación dos seus provedores, mediante sistemas de "homologación de provedores", alianzas estratéxicas, protección e impulso das marcas propias, entre outras.

Outro gran reto asumido, foi a posta en marcha do Complexo Multidisciplinar de Fertilizantes, levantado en As Pontes (A Coruña) no ano 2014. Cunha superficie de 36.000 m<sup>2</sup>, dedicado á fabricación e distribución de fertilizantes, así como ao almacenamento e distribución ás cooperativas de produtos terminados e outros bens complementarios, como plásticos de ensilado, produtos de hixiene para muxir, alimentos para mascotas e leites maternizadas.

Hoxe en día, a planificación e operativa de Delagro segue a ser unha ferramenta ao servizo dos seus socios, mantendo como misión ofrecer produtos e servizos que aporten valor ao sector agrario e ao medio rural, fomentando o desenvolvemento de actividades en común e a integración e colaboración intercooperativa.



## GRESPANIA

**Grespania** é unha empresa internacional con case 50 anos de historia, dedicada á fabricación e comercialización de produtos cerámicos innovadores en canto a propiedades e deseño. O investimento constante, a incorporación continua dos últimos avances en fabricación e deseño e o máximo respecto polo medio ambiente consolidaron o seu liderado mundial ao longo dos últimos anos.

Na actualidade dispón de tres fábricas que incorporan as últimas tecnoloxías e os procesos máis avanzados

para a produción de pavimentos de gres porcelánico, de revestimentos de pasta branca, de pedra sinterizada de gran formato de ata 120x360 cm. e reducido espesor e de placas de 10,5 mm., 12 mm. e 20 mm. de espesor ideal para encimeiras de cociñas, mesas ou armarios. Ademais dos seus centros loxísticos en España, situados en Granada, Santiago de Compostela –sendo o centro de servizo de Galicia na Vía Édison 52 do polígono do Tambre–, Barcelona e Madrid, a empresa conta con filiais en Francia, Italia, Holanda, Polonia, Reino Unido, EEUU e Asia.

O Centro loxístico de Santiago dispón de stock de Coverlam Top para encimeiras e está dotado de todos os recursos loxísticos para poder subministrar este produto a marmolistas en toda Galicia, Asturias e Norte de Portugal.





## Limpiezas FARO

**Limpiezas Faro S.L.**, compañía galega líder no sector da limpeza, e con máis de 50 anos de historia, basea os seus servizos nuns altos estándares de calidade e de satisfacción dos usuarios.

A Delegación Galicia Centro, situada dende hai 25 anos na rúa Vía Copérnico 23 do Polígono do Tambre, ofrece os seus servizos de limpeza a toda a zona centro de Galicia chegando as provincias de Castela e León. Máis de 300 persoas traballadoras que dependen desta oficina dan servizo en edificios públicos, centros de saúde, hospitais, estacións de tren, fábricas, oficinas e comunidades de veciños, aportando un 25 % do volume de negocio da compañía.



## MODIPU

**MODIPU** presta servizos integrais de obras e reformas chave en man para hostalería, locais comerciais, franquicias e vivendas. Con máis de 40 anos de compromiso co presuposto e prazos pactados en proxectos de interiorismo, ofrece deseño, solucións creativas e máxima eficacia ante os retos.

Desde a rúa José Villar Granjel 21 de Boisaca, MODIPU dispón dun equipo especializado e consolidado co fin de dar servizos diferenciados e con produtos exclusivos, aportando ao cliente unha calidade construtiva do maior nivel. Para isto, dispón dun Showroom cunha selección de marcas, desde a tradición ata a tecnoloxía máis punteira do mercado actual.

O compromiso da empresa é a "calidade total", con garantía de fábrica como distribuidores oficiais xunto á garantía de execución das súas obras e reformas por parte da empresa.

## Seguridade A1

**Seguridade A1** naceu en 1978 en Santiago de Compostela, coa misión de protexer ás persoas. Orixinalmente dedicada á instalación de alarmas, a empresa destacou dende o inicio pola súa calidade e eficiencia. Con visión de futuro, apostou pola innovación tecnolóxica como motor de crecemento, ampliando os seus servizos cara a áreas como a videovixilancia, a protección contra incendios e a aplicación da intelixencia artificial.


Hoxe, con máis de 45 anos de experiencia, Seguridade A1 é a empresa líder en seguridade privada en Galicia. Conta con máis de 30.000 instalacións realizadas, máis de 11.000 clientes satisfeitos e tres delegacións en

España. As oficinas principais están situadas na rúa José Villar Granjel 30, no polígono de Boisaca, onde se atopa o seu Centro Receptor de Alarmas, único en Galicia.

Seguridade A1 conta cun equipo de máis de 100 profesionais comprometidos coa seguridade de empresas, industrias e fogares.

A innovación constante, combinada coa filosofía de proximidade e trato personalizado que caracteriza a Seguridade A1, permítelle competir de igual a igual coas grandes multinacionais da seguridade privada. Proba diso é o feito de que entre os seus clientes se atopan moitas das maiores industrias e compañías de Galicia.

Mantendo sempre o seu compromiso de ofrecer solucións personalizadas e adaptadas ás necesidades reais de cada cliente, Seguridade A1 segue a medrar consolidándose como referente en calidade e servizo.



**LAU**



GRÁFICA

[laucreaciones.com](http://laucreaciones.com)

EXPERTOS EN COMUNICACIÓN



# JRMotor

MECÁNICA, CHAPA Y PINTURA



COMPRA - VENTA DE VEHÍCULOS



Via Edison, 3 - P.I. Tambre • 15890 • Santiago de Compostela  
677 997 230 • [jrmotorautomocion@gmail.com](mailto:jrmotorautomocion@gmail.com)

COMPRAMOS  
TU  
COCHE



## Grupo DIGAMEL (actual SONEPAR)

O **Grupo DIGAMEL (actual SONEPAR)** é un referente español na distribución de material eléctrico con máis de 45 anos de experiencia no asesoramento e venda de baixa e media tensión, automatización e control industrial, iluminación, telecomunicacións, fotovoltaica, vehículo eléctrico, subestacións, climatización e eficiencia enerxética.

En 1977 Manuel Fernández Rodríguez funda DIGAMEL, distribución de material eléctrico en Vilagarcía de Arousa. Con moito traballo e dedicación e apoiado por un gran equipo de profesionais, consegue situar DIGAMEL como empresa líder no sector da distribución. En 1991 inaugura a central do grupo en Pontevedra e inicia a súa expansión por Galicia abarcando zonas estratéxicas de venda con novos almacéns.

Actualmente o Grupo DIGAMEL forma parte do grupo Sonepar Spain SAU e desde o pasado 1 de outubro opera xa baixo ese nome. Como referente na distribución de material eléctrico de media tensión e telecomunicacións dispón de delegacións na Coruña, Santiago (Vía Arquímedes 25), Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Narón e Avilés.



# EL GOLPE DE TU EMPRESA



## Tipo de Eventos

Todo tipo de eventos de empresa, afterworks, talleres o workshops, torneos personalizados. Eventos de team building... y mucho más.

## Espacios

Casa Club  
Terraza con vistas al campo  
Cancha de prácticas TopTracer  
Campo 18 hoyos Pitch&Putt



## Estamos al lado del Polígono de Tambre, Costa Vella y A Sionlla.

Organiza tu evento de empresa en Compostela Golf. Tematización del evento, catering a medida, clases de golf en grupo, regalos personalizados de golf.

Contáctanos para obtener más información y propón a tus empleados una opción de ocio única en Santiago de Compostela.

[info@compostelagolf.gal](mailto:info@compostelagolf.gal)

[www.compostelagolf.gal](http://www.compostelagolf.gal)

+34 674 016 164

Ven a visitarnos en Sionlla de Abaixo, 1, 15820, Santiago de Compostela



## Transportes Frigoríficos NARVAL

A historia de **Transportes Frigoríficos NARVAL** remóntase a 1981, cando o seu fundador, Antonio Sánchez Pardo, creou Exfrenadura Express. Antonio proviña dunha saga familiar vinculada ao transporte desde o século XIX e desenvolvera a súa actividade profesional varias décadas na empresa familiar, "Empresa Montaña S.A.". Ao nacer Exfrenadura Express, dábase continuidade á xa desaparecida empresa que foi referencia en transportes en gran parte do século XX.

En 1998 naceu Transportes Frigoríficos Narval como unha empresa familiar, especializándose no transporte de mercadorías a temperatura controlada. Desde entón, traballou arduamente ata converterse nun referente no sector loxístico frigorífico.

O seu obxectivo é seguir expandindo as súas operacións no sector da loxística en refrixerado e conxelado. Para iso conta cun equipo altamente capacitado e dedicado, que traballa incansablemente para garantir a entrega segura e oportuna de produtos perecedoiros. A súa flota de vehículos refrixerados de última xeración e as súas instalacións de almacenamento con tecnoloxía de vangarda permítenlle cumprir cos máis altos estándares de calidade e manter a integridade dos produtos en todo momento.

A empresa apostou por ofrecer os seus servizos en España e en Portugal, y actualmente conta con 14 centros propios situados estratexicamente en cidades como Almería, Alacante, Barcelona, Burgos, Córdoba, Granada, Xaén, Lisboa, Madrid, Málaga, Mérida, Santiago (na rúa José Villar Granjel 42-44 do polígono de Boisaca), Sevilla, e Valladolid. Estas sedes propias, continuamente renovadas, dispoñen dunha ampla capacidade de conxelado e refrixerado, con máis de 25.000 metros cadrados para albergar unhas 250.000 toneladas anuais. Ademais, estableceu acordos con colaboradores locais en lugares como Santander, Bilbao, Murcia, Zaragoza, entre outros.



# O servizo de vixilancia da área empresarial do Tambre amplía a cobertura á zona da Sionlla

## Realizáronse melloras con probas de drons e estudos para a instalación de vídeo vixilancia

A Asociación Área Empresarial do Tambre dispón dun servizo de vixilancia para protexer ás persoas e empresas do ámbito empresarial, combinando rondas de vixilancia en vehículo con actividades de revisión específicas, acompañados de unidades caninas para a inspección e control dos diferentes elementos da área.

En 2023 a Subdelegación do Goberno aprobou a ampliación do servizo de vixilancia á zona da Sionlla, de xeito que este servizo da Asociación puido estenderse ás 47 empresas operativas nesta zona, a maioría pertencentes aos sectores de loxística e servizos, aínda que actualmente hai oito naves en construción para empresas que se poñerán en marcha en 2025. Co ánimo de mellorar e contar con novas tecnoloxías que poidan


aportar maior seguridade, realizáronse probas con drons e estudos para a instalación de vídeo vixilancia. Así, o equipo de vixilancia realiza un traballo de patrulla polas vías públicas da área industrial do Tambre, Costa Vella, Boisaca e A Sionlla durante todo o ano.



**CONTEXTOMULTIMEDIA**  
m u l t i m e d i a

660 650 826 - 638 914 721 [www.contextomultimedia.com](http://www.contextomultimedia.com)

regalos promocionales - diseño - organización de eventos



impresión - fotografía y vídeo - montaje stands - almacén y logística





## Intervencións por saltos de alarmas, avarías, accidentes, fugas, vertidos, inundacións ou asistencia en accidentes de tráfico

O servizo de vixilancia fai intervencións en avisos de roubos ou saltos de alarmas nas instalacións das empresas. A presenza física do servizo de vixilancia na área empresarial garante unha resposta inmediata diante do aviso por parte da central ou da localización da alarma polos propios vixilantes.

Noutros casos, o servizo intervéen por anticipación. Os vixilantes detectan elementos do perímetro ou acceso das instalacións danados ou abertos, como son os portais, ventás, persianas, etc., antes de que se produza unha activación do sistema de alarma, actuando segundo o protocolo particular para solucionar cada incidencia.

A maiores, hai intervencións por avarías ou accidentes, tanto na vía pública como en instalacións das empresas asociadas, por fugas, vertidos, inundacións, obstáculos

na calzada ou asistencia en accidentes de tráfico. O persoal de seguridade dá aviso ao propietario e contacta coa Policía Local ou os Bombeiros en función da circunstancia e a urxencia e necesidade de actuación.

Os vixilantes de seguridade contan coas habilitacións oficiais necesarias para realizar o seu labor (licenza de armas tipo C, guía de caninos,...) e complementan a súa formación con cursos de intervención en emerxencias, sistemas de alarmas, conraincendios,... entre outros. Ademais das prendas tácticas que forman parte da súa uniformidade, os vixilantes incorporan prendas de protección específicas como chalecos anticorte. Ademais da súa arma regulamentaria, portan spray de defensa e cámaras corporais. As patrullas de vixilancia están apoiadas por unidades caninas de raza pastor belga malinois, adestrados para a garda e defensa.

**SEPARAR O LIXO**

*É bo de facer*



**REUTILIZA**

**REDUCE**

**RECICLA**



# Máis de 800 persoas participaron no Programa Integrado de Emprego de Galicia da Asociación nos seus primeiros dez anos de funcionamento

Un 50 % dos participantes alcanzou unha inserción laboral efectiva

A acción está financiada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e o Servizo Público de Emprego Estatal



O Programa Integrado de Emprego de Galicia da Asociación Área Empresarial do Tambre, financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), celebrou este ano a súa novena edición, todas elas celebradas durante os últimos dez anos. Primeiramente o programa denominábase 'Tambre Traballa' e xa na actualidade pasou a chamarse 'Programa Integrado de Emprego'.

Cunha duración de doce meses, a iniciativa busca dotar aos participantes de ferramentas que melloren as súas competencias persoais, sociais e profesionais, co fin de aproveitar a oferta formativa e laboral do programa para incrementar as súas posibilidades de atopar un emprego. Participan anualmente 100 persoas menores de 30 anos e mulleres desempregadas.

Desde a primeira edición de 2015/2016 ata a última realizada de 2023/2024, participaron un total de 805 persoas, unha cifra elevada que demostra o gran éxito de participación do programa. Un 50 % dos participantes alcanzaron unha inserción laboral efectiva.

